

NOTA DE PRENSA

Os balnearios galegos buscan atraer pacientes de Francia, Italia ou Alemaña, que recoñecen a cura termal dentro da súa carteira de servizos sanitarios

A Directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriza regula o reembolso dos gastos ao recibir tratamento noutro Estado membro

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2015 (Vía Láctea Comunicación).- Dentro da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, esta tarde celébrase unha nova sesión dirixida a futuros facultativos. A xornada terá lugar no edificio docente Roberto Novoa Santos, anexo ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a partir das 18:30 horas.

O xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**, achegarase á situación actual do termalismo na comunidade. E tratará os requisitos que se deben cumprir para que unha auga sexa declarada como mineiromedicinal pola Administración galega, “requisito imprescindible para que un establecemento adquira a condición de balneario” -apunta-.

Amor salienta que Galicia é unha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais, en canto á súa calidade, cantidade e tamén variedade. E, en consecuencia, con maior tradición no seu uso como augas de bebida envasada e en balnearios. Esta situación deu lugar a unha industria moi activa vinculada á explotación de augas minerais, con 21 balnearios, o 17% do total nacional, e 10 plantas de envasado de auga mineral natural, o 7% das que existen en toda España.

“A lexislación esixe que o uso típico das augas mineiromedicinais se faga nun balneario debido a que estas augas, aínda que teñen efectos beneficiosos para a saúde, tamén teñen contraindicacións, polo que deben empregarse baixo vixilancia médica e cumprindo os correspondentes controis sanitarios” -remarca **Amor**-.

En relación ao termalismo terapéutico, o xerente de Balnearios manifesta que cómpre aproveitar a existencia dunha Directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriza. Esta Directiva regula o reembolso dos gastos ocasionados ao recibir tratamento noutro Estado membro e traspúxose ao ordenamento xurídico español en 2014. “Supón unha oportunidade para Galicia, xa que en moitos países da Unión Europea como Alemaña, Francia ou Italia recoñecen a cura termal dentro da súa carteira de servizos sanitarios” -indica-.

Deste xeito, os pacientes que proceden destes países poden ser tratados en balnearios galegos, sempre que cumpran unhas determinadas condicións. Así, o tratamento debe ser froito dunha prescrición médica e o servizo que se reciba aquí debe ser o mesmo que o que reciben no seu país de orixe. “Os pacientes pagan no balneario que lles atende e logo a administración sanitaria do seu país reembólsalles a cantidade correspondente ao tratamento” -sinala **Benigno Amor**-.